

**Resolución do 2 de xaneiro do 2023, da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), pola que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección de proxectos para a contratación, en réxime de coprodución, dun espectáculo teatral, no ano 2023, a partir da dramaturxia elaborada dentro da bolsa de dramaturxia do Centro Dramático Galego 2022/23 "Bailar no ceo" de Ana Abad de Larriva**

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), en cumprimento da súa lei de creación, ten como obxectivo xenérico o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, para o que coopera na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos eficientes e estables.

O Centro Dramático Galego (CDG) é un centro adscrito á Agadic, que ten como obxectivo o apoio á creación artística, á investigación e á formación dos profesionais do teatro; a descentralización de accións e tender pontes entre proxectos e institucións, así como a achega ao encontro do teatro con outras disciplinas artísticas.

Con este procedemento, preténdese impulsar un destes fins de promoción do teatro profesional, mediante a convocatoria a todo o sector para que presente proxectos innovadores no eido de teatro artístico, co compromiso de formalizar, coa entidade seleccionada pola comisión técnica profesional que se constituirá para este efecto, o correspondente contrato para o desenvolvemento dunha coprodución dun espectáculo teatral a partir da dramaturxia "Bailar no ceo" de Ana Abad de Larriva, gañadora da bolsa de dramaturxia do Centro Dramático Galego 2022/23.

Polo exposto, e de acordo coas facultades que teño atribuídas en virtude do Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais,

**RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar as bases reguladoras do procedemento de selección de proxectos para a

**AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS**  
**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**  
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
T. 881 99 60 77 / 78  
agadic@xunta.gal / www.agadic.gal



contratación, en réxime de coproducción, pola Axencia Galega das Industrias Culturais dun espectáculo teatral, no ano 2023, a partir da dramaturxia elaborada dentro da bolsa de dramaturxia do Centro Dramático Galego 2022/23.

Segundo. Ordenar a publicación desta resolución e dos anexos que a acompañan, así como o texto "Bailar no ceo" de Ana Abad de Larriva, na páxina web da Agadic, [www.agadic.gal](http://www.agadic.gal).

Terceiro. Esta resolución terá efectos desde o día seguinte da súa publicación na páxina web da Agadic, [www.agadic.gal](http://www.agadic.gal).

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante o presidente do Consello Reitor da Agadic, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da presentación da lectura dramatizada do texto completo gañador da bolsa de dramaturxia e da publicación do texto na web da Agadic, de acordo co establecido no artigo 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,  
O director da Agadic  
Jacob Sutil Nesta



## ANEXO I

### **BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS PARA A CONTRATACIÓN, EN RÉXIME DE COPRODUCIÓN, DUN ESPECTÁCULO TEATRAL, NO ANO 2023, A PARTIR DA DRAMATURXIA ELABORADA DENTRO DA BOLSA DE DRAMATURXIA DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO 2022/23 "BAILAR NO CEO" DE ANA ABAD DE LARRIVA**

#### **1. Obxecto**

A Agadic, a través do Centro Dramático Galego (CDG), presenta un programa de apoio á dramaturxia e á creación co que se pretende favorecer a produción de dramaturxia galega contemporánea e a coprodución de espectáculos teatrais que contribúan á creación de públicos para o teatro, consolidar produtos culturais competitivos que xeren retorno e, en definitiva, a busca da excelencia nos produtos culturais galegos.

As presentes bases regulan o procedemento de selección un proxecto para producir, en réxime de coprodución, un espectáculo a partir da obra "Bailar no Ceo" de Ana Abad de Larriva cuxa dramaturxia foi elaborada dentro da bolsa de dramaturxia do Centro Dramático Galego 2022/23.

#### **2. Condicións para participar no proceso de selección**

Poderán presentar os seus proxectos as persoas, físicas ou xurídicas, así como as sociedades civís e comunidades de bens ou calquera outra agrupación de persoas sen personalidade xurídica propia, así como as únions temporais de empresas, dedicadas profesionalmente á produción escénica, legalmente constituídas e que desenvolvan maioritariamente a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

A participación neste proceso é compatible coa percepción doutras axudas polo mesmo proxecto por parte da Administración da Xunta de Galicia ou das entidades do sector público autonómico, así como doutras administracións públicas e das súa entidades vinculadas ou dependentes ou

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES  
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
T. 881 99 60 77 / 78  
agadic@xunta.gal / www.agadic.gal



entidades privadas, pero incompatible coa percepción doutras axudas convocadas pola Agadic ou pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o mesmo proxecto e coa mesma finalidade.

Só se poderá presentar un proxecto por persoa física ou xurídica solicitante.

### **3. Prazo de presentación de proxectos e emenda**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado xenérico PR004A “Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacóns que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado”, dispoñible na ligazón: <https://sede.xunta.gal>

Conforme ao previsto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o artigo 10.2 da Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, se establece a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos para este procedemento respecto de persoas físicas debido á capacidade económica, técnica e dedicación profesional que deben ter as persoas beneficiarias desta convocatoria.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación dos proxectos será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte da publicación da presentes bases na páxina web de Agadic: [www.agadic.gal](http://www.agadic.gal).

Se a solicitude non está debidamente cuberta, se non se achega a documentación esixida ou se



non se reúnen os requisitos nesta convocatoria, requirirase a persoa solicitante para que, nun prazo de 5 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da notificación do requerimento, emende o defecto advertido ou achegue a documentación preceptiva, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos. De non cumplir o requerimento dentro do prazo, considerarase que desiste da petición.

#### **4. Documentación a presentar do proxecto**

O proxecto deberá crearse a partir da dramaturxia elaborada dentro da bolsa de dramaturxia do Centro Dramático Galego 2022/23 "Bailar no ceo" de Ana Abad de Larriva. Este texto estará dispoñible na web de Agadic durante o prazo de presentación.

Xunto coa solicitude, deberá achegarse unha memoria explicativa do proxecto que conteña os seguintes apartados:

- Proposta de dirección.
- Ficha de producción, con indicación dos seguintes datos: compañía, dirección, equipo artístico, tempo de producción (expresado en meses) e data prevista para a estrea.
- Interese cultural e artístico e relevancia do proxecto.
- Estratexias de difusión e promoción.
- Repercusión na creación e fomento de públicos.
- Apoio doutras estruturas na coproducción e no financiamento.
- Orzamento no que a cantidade achegada pola Agadic a través do Centro Dramático Galego non supere o 80 % do valor do proxecto.

#### **5. Comprobación de datos**

Para a tramitación deste procedemento, consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos que obran en poder da Administración actuante ou que foron elaborados polas administracións públicas:

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES  
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
T. 881 99 60 77 / 78  
[agadic@xunta.gal](mailto:agadic@xunta.gal) / [www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)



- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- NIF da entidade solicitante e DNI ou NIE da persoa representante.
- Certificado de estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente no pagamento de obrigas coa comunidade autónoma.

No caso de que as persoas interesadas se oponan a esta consulta, deberán indicalo de forma expresa na solicitude e achegar esa documentación.

## 6. Comisión de valoración e criterios de avaliación.

Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración, nomeada polo director da Agadic, integrada por:

- A persoa responsable da dirección do Centro Dramático Galego, que ostentará a presidencia,
- Unha persoa representante de cada unha das asociacións e colectivos adheridos ao proxecto "Bolsa de dramaturxia e creación" que ostentarán a condición de vogais
- Unha persoa do cadro de persoal da axencia, que exercerá as funcións de secretaría da comisión, con voz e sen voto.

A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e declararán baixo responsabilidade que non incorren nunha das causas de abstención ou recusación previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

## 7. Criterios de avaliación

Valorarase a memoria do proxecto e prestaráselle unha especial atención aos seguintes aspectos :

- Proposta de dirección.
- Interese cultural e artístico e relevancia do proxecto.

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES  
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
T. 881 99 60 77 / 78  
agadic@xunta.gal / www.agadic.gal



- Estratexias de difusión e promoción.
- Repercusión na creación e fomento de públicos.
- Apoio doutras estruturas na coprodución e no financiamento.

Con este fin, a comisión de valoración, que actuará como órgano colexiado, examinados os proxectos, valorará cada proxecto de forma motivada, levantará acta e emitirá un informe no que se establecerá a prelación das solicitudes.

Previamente a súa valoración concretará cada un dos criterios anteriormente expresados para aplicalos de forma homoxénea a todos os proxectos presentados, dita concreción será incorporada á acta levantada polo secretario ou secretaria.

## **8. Resolución do procedemento de selección**

Instruído o procedemento, á vista do expediente, da documentación requirida e unha vez entregado o informe preceptivo por parte da comisión de valoración, o director da Agadic ditará a resolución coa selección do proxecto que acadou a mellor valoración, establecendo unha lista de garda cunha orde de prelación segundo a valoración acadada polos solicitantes.

Esta resolución será notificada para que, nun prazo de 5 días a contar desde a recepción da notificación, a entidade seleccionada manifeste a súa aceptación ou rexeitamento. Se a entidade seleccionada rexeitase a súa selección, ou non se manifestase no prazo anteriormente sinalado, se continuaría coa orde de prelación establecida resultante do informe da comisión de valoración.

## **9. Régime de recursos**

Contra a resolución do procedemento de selección, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o presidente do Consello Reitor da Agadic, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na web da Agadic, de acordo co establecido no artigo 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



administracións públicas.

## **10. Adxudicación do contrato**

A Agadic comprobará que a entidade seleccionada cumpre con todos os requisitos para poder contratar segundo a normativa vixente e procederá a realizar a adxudicación do contrato privado e posterior formalización do mesmo, no cal constarán as obrigas de ambas as dúas partes.

## **11. Prazo de execución**

O prazo de execución dos contratos de coproducción que se formalicen será de máximo 12 meses desde a súa sinatura e non será, en ningún caso, prorrogable.

## **12. Financiamento**

A Agadic destinará ao financiamento desta convocatoria un importe de 15.000 euros (impostos incluídos) con cargo á partida orzamentaria 10.A1.432B.640.1 dos créditos orzamentarios da Axencia para o exercicio 2023.

A achega económica da Agadic no contrato de coproducción que formalice será, como máximo, de quince mil euros (15.000,00€), impostos incluídos. En ningún caso esta cantidade será superior ao 80 % do orzamento total do proxecto presentado.

Esta achega orzamentaria será a base económica do contrato de coproducción que se formalizará coa persoa seleccionada.

## **13. Información básica en materia de protección de datos de carácter persoal**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no ejercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

